

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de maio de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove e dez minutos do día vinte e catro de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(542).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 10 de maio e a sesión extraordinaria e urxente do 15 de maio de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(543).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 19/2011 PO INTERPOSTO POR MANTENIMIENTO Y CONTROL GALAICA S.L. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE FACTURAS POR SERVIZOS DE CONTROL DO APARTAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE O PROGRESO. ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.**

Dáse conta da referida Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo que estima en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola mercantil “Mantenimiento y Control Galaica S.L.” fronte ó Concello de Vigo, seguido

como proceso ordinario nº 19/2011, contra “a inactividade do Concello de Vigo o, subsidiariamente, desestimación presunta (por silencio administrativo), respecto de la reclamación formalizada o 6 de outubro de 2010 pola empresa demandante para obter o pagamento de 70.819 € por servizos de control de aparcamento no Mercado municipal de O Progreso”.

A Sentenza condena á Administración demandada a abonar á actora a suma de 65.991,5 € mais os xuros de mora. Sen especial pronunciamento en materia de custas.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da Sentenza.

### **3(544).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VIDA DIGNA PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL 2013-2014. EXPTE. 81517/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.04.13, o informe de fiscalización do 20.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 9.05.13, conformado polo xefe e a concelleira da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade Vida Digna, colaboradora co Departamento de Política de Benestar, para a atención das necesidades básicas do comedor social para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e bocadillos, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención.

Segundo.- Aprobala concesión dunha subvención directa a entidade Vida Digna, CIF G36884708, por un importe total de 90.000€, con cargo á partida 2310.4980012 – Convenio Vida Digna-.

Terceiro .- Aprobar o gasto por un importe total de 90.000 euros, a favor da entidade Vida Digna, CIF G36884708, con cargo á partida 2310. 4890012 -Convenio Vida Digna- e autorizar ao abeiro da Base nº 26 das de execución dos orzamentos par 2013, a modificación das porcentaxes de imputación presupostaria a teor do Art. 174.3 do TRLRFL, que quedarán do seguinte xeito: 100% (45.000€) con cargo ao orzamento de 2013 e outro 100% (45.000€) ao orzamento de 2014, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da entidade Vida Digna, no orzamento de dito ano.

*«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN*

*COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL 2013 – 2014».*

*En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... 2013*

**COMPARECEN**

*Dunha parte,*

*O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

*Doutra parte,*

*D. Roberto Goitia Crespo, con NIE nº X0218792-Q, Presidente da «Asociación VIDA DIGNA», CIF nº G-36884708, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Vázquez Varela nº 21, baixo, de Vigo.*

**INTERVEÑEN**

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D. Roberto Goitia Crespo, actuando en representación da «Asociación VIDA DIGNA», segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea xeral do 16 de marzo de 2010, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

**EXPOÑEN**

*I.- Que a «Asociación VIDA DIGNA» é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de asociacións de Pontevedra co nº 2001/005526-1, que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.*

*II.- Que, entre os seus proxectos e programas de asistencia, desenvolve unha actividade de apoio con alimentos básicos a familias en situación de risco ou exclusión social e, ademais, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando ás persoas usuarias alimentación todos os sábados e domingos do ano, complementando deste xeito ós outros servizos de comedor da cidade.*

*III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este dispositivo para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Ademais, este recurso constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.*

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social; servizos declarados obrigatorios para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.k) e 26.1.c) LRBRL e 80.2.k) e 81.c) LALGA).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2013, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se compromete a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social, sen distinción ideolóxica,

relixiosa ou étnica, cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano. Atenderá tamén ás persoas que sexan derivadas pola Concellería de Política de Benestar para axuda de alimentos e, ademais, repartirá un máximo de 50 bocadillos diarios, de luns a sábado todo o ano, en horario de tarde, ás persoas designadas polos servizos sociais municipais.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese tamén a colaborar na coordinación dos recursos sociais participando activamente na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Política de Benestar do Concello de Vigo, e a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para o exercicio de 2013 por importe de 45.000 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos.

No exercicio de 2014 concederáse a mesma cantidade (45.000 €), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dese ano. En todo caso, a Concellería de Política de Benestar resérvase a facultade de instar a modificación para o exercicio de 2014 dos conceptos subvencionables, por razóns xustificadas de interese público, co pronunciamento previo da Comisión mixta de Seguimento deste Convenio e adopción do correspondente acordo pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- Polo período de vixencia do Convenio, o Concello de Vigo, achegará a cantidade de 45.000 €, que irán con cargo á partida 2310.4890012 do exercicio de 2013 e outros 45.000 € para o exercicio de 2014, subordinada á existencia do crédito necesario nos orzamentos dese ano.

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- No ano 2013, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2014, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de outubro de cada un dos dous exercicios (2013 e 2014), mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

*Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.*

*DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).*

*UNDÉCIMA.- A «Asociación VIDA DIGNA» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*DUODÉCIMA.- A «Asociación VIDA DIGNA» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 31 de outubro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:*

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos periodos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013 e entre o 1 de novembro de 2013 e o 31 de outubro de 2014.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e*

*Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO NOVENA.- A «Asociación VIDA DIGNA» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.*

*VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

**4(545).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/2780, 826/14, 2735/06, 853/06**

Examinadas as actuacións dos expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:



- Virginia Cardal Carballedo. Expte. 826/14.
- Clara Gómez Rey. Expte. 2780/23.
- Joaquina Pérez Vázquez. Expte. 853/06.
- María Camiña Ferreiro. Expte. 2735/06.

**5(546).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO- ABRIL 2013. EXPTE. 1974/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.05.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 8.05.13, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de abril de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201300026160 de 114.741.84 euros.

**6(547).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 21.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo (Expte. 1316-440) por un prezo total de 6.700.078,70 €/catro anos (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 1.022.045,90 €/catro anos.

Comprométese a prestar 2.000 horas anuais como bolsa de horas extraordinarias eventuais ofrecidas sen custo adicional para o Concello.

Propón os seguintes prezos unitarios:

Superficie acristalada: 0,49 €/m/2

Superficie de corredoiros e escaleiras: 0,07 €/m/2

Superficie de oficinas, despachos, salas de reunións: 0,08 €/m/2

Superficies abertas: 0,024 €/m/2  
Superficie dos baños e aseos: 0,12 €/m/2  
De vehículos da policía municipal: 8 €/m/2

Comprometese á execución das seguintes melloras:

- Sistema microfibra de fregado.
- Fregadora automática de a pé.
- Fregadora conductor sentado.
- 48 aspiradores de pó HEPA.
- 6 aspiradores de pó-auga.
- 4 aspiradora mochila HEPA.
- Pértiga hidrodifusora 20 m.
- Plataforma elevadora exterior.
- Plataforma elevadora interior.
- Control de presenza e software.
- Dotación dispensadores de xabón.
- Dotación dispensadores papel secamáns.
- 80 contenedores hixiénicos.
- 40 equipos bacteriolóxicos inodoros.
- 8 enfundadores paraugas.
- 2 vehículos ECO2.
- Contenedores xestión residuos.
- Sistema de xabón en espuma.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada

Segundo.- En ningún caso, poderá o adxudicatario do contrato, aumentar o número de traballadores/as adscritos á prestación nin o número de horas por enriba das que figuraban na relación que se incorporou na información dada en execución do previsto no artigo 120 do TRLCSP. Calquera variación na estrutura, número, horas, etc, deberá ser aprobada polo Órgano de Contratación. No caso de modificacións cuantitativas do contrato, o Órgano de contratación que teña a competencia para aprobar a modificación do mesmo, pronunciarase, previa valoración técnica, do impacto que está a ter a modificación do contrato sobre o número de traballadores, horas e custo que vai a supor na subrogación, e sobre esa variación, poderá xerar a ampliación dos medios personais si así o autoriza o Órgano de Contratación, ou acometer a execución do modificado cos mesmos medios, o que suporía un aumento da prestación a executar cos medios ofertados.

**7(548).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 8700/255.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 21.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar a SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. (SAMYL S.L.) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo (Expte.8700-255) por un prezo total de 789.826,79 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 137.077,38 €.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- En ningún caso, poderá o adxudicatario do contrato, aumentar o número de traballadores/as adscritos á prestación nin o número de horas por enriba das que figuraban na relación que se incorporou na información dada en execución do previsto no artigo 120 do TRLCSP. Calquera variación na estrutura, número, horas, etc, deberá ser aprobada polo Órgano de Contratación. No caso de modificacións cuantitativas do contrato, o Órgano de contratación que teña a competencia para aprobar a modificación do mesmo, pronunciarase, previa valoración técnica, do impacto que está a ter a modificación do contrato sobre o número de traballadores, horas e custo que vai a supor na subrogación, e sobre esa variación, poderá xerar a ampliación dos medios personais si así o autoriza o Órgano de Contratación, ou acometer a execución do modificado cos mesmos medios, o que suporía un aumento da prestación a executar cos medios ofertados.

**8(549).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS E MANTEMENTO DO ENTORNO DA IGREXA DE ZAMÁNS. EXPTE. 1762/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 15.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Quedar enterada da exclusións acordada pola Mesa de Contratación celebrada o día 17-04-2013 respecto do seguinte licitador:

1. GRANITOS MORGADANES, S.L. Excluir o licitador por non presentar a declaración xurada esixida no prego de clausulas administrativas e non acredita-la solvencia económica financiera e técnica.

Segundo.- Excluir da clasificación a oferta presentada por TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L., e a UTE MACRAUT INGENIEROS, S.L.-PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., por considera-la como desproporcionada.

Terceiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras e mantemento do entorno da igrexa de Zamáns (exped 1762-440) no seguinte orde decrecente:

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<b>EIRIÑA</b>	<b>94,49</b>
<b>ORESA</b>	<b>94,39</b>
<b>CONSLAR</b>	<b>93,82</b>
<b>XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS</b>	<b>93,44</b>
<b>CIVIS GLOBAL</b>	<b>93,18</b>
<b>ALDASA</b>	<b>92,13</b>
<b>COPCISA</b>	<b>91,38</b>
<b>OREGA</b>	<b>88,31</b>
<b>CRESPO</b>	<b>88,09</b>
<b>COVSA</b>	<b>86,71</b>
<b>ORECO</b>	<b>84,12</b>
<b>CALFENSA</b>	<b>83,03</b>
<b>HORDESCON</b>	<b>80,00</b>
<b>PROYECTA</b>	<b>69,20</b>
<b>ANLLAR</b>	<b>65,57</b>

Cuarto.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Eiriña, S.L. para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recíbese o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**9(550).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 22.03.13 DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS, ÁRIDOS MATERIAIS DE CONSTURCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 65970/250.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.05.13, que di o seguinte:

A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2013, adoptou o seguinte acordo:

5.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS, ÁRIDOS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 65970/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do secretario da Mesa de Contratación do 19.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (CIF B-36741379) os lotes 1 (formigóns), 2 (áridos), 3 (materiais de construción), e 4 (materiais de ferretería) do procedemento aberto para a contratación da subministración de formigón, áridos, materiais de construción, e materiais de ferretería (expediente nº 65970-250) por uns prezos totais respectivos de 300.000 euros/ano, 160.000 euros/ano, 350.000 euros/ano; e 100.000 euros/ano e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1, 6% para o lote 2, 1% para o lote 3; e 1% para o lote 4. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Quedar enterada dos seguintes acordos de exclusión de licitadores adoptados pola Mesa de Contratación:

- Do acordo da Mesa de contratación celebrada o 05/12/2012 no que se procede á non admisión da empresa Ferretería Punto Fijo, SL, por non acreditar a súa solvencia técnica para contratar coa administración.
- Do acordo da Mesa de contratación celebrada o 05/12/2012 no que se procede á exclusión da empresa Manuel Muradas Seara, por non ofertar unha baixa única para os elementos do lote 4 ao que licitaba.”

No punto primeiro do acordo existe un erro material xa que se estableceron os seguintes prezos totais para cada un dos lotes: Lote 1: 300.000 euros/ano, Lote 2: 160.000 euros/ano, Lote 3: 350.000 euros/ano; e Lote 4: 100.000 euros/ano .

No apartado 3 E das Follas de Especificacións do Contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares se fixaban os seguintes prezos máximos por lote para os dous anos de duración do contrato:

Lote 1: 290.000 euros, Lote 2: 160.000 euros, Lote 3: 360.000 euros e Lote 4: 90.000 euros.

A vista das anteriores circunstancias, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Corrixir o erro material do paragrafo 1º do punto 5 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de marzo de 2013 “ ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS, ÁRIDOS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 65970/250, no sentido de fixar como prezos totais dos lotes os seguintes:

Lote 1: 290.000 euros, Lote 2: 160.000 euros, Lote 3: 360.000 euros e Lote 4: 90.000 euros. u

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(551).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A MDC INGENIERÍA S.L. CONSTITUÍDA POLA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA LIMPIAPRAIAS. EXPTE. 4471/241.**

Visto o informe de fiscalización, do 15.05.13, e de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MDC INGENIERIA, S.L. a garantía por importe de 2.872,88 euros constituída para responder da subministración dunha máquina limpiapraias, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

#### **11(552).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE EXPOSICIÓNS NA CASA GALEGA DA CULTURA. EXPTE. 305/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.04.13, o informe de fiscalización do 8.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 18.04.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e pola concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, para realizar unha programación conxunta de exposicións na Casa Galega da Cultura nos anos 2013-2016, incluído no Anexo.

Segundo.- Autorizar un gasto máximo de 1.700 € anuais, neste exercicio de 2013, e de 3.400 €, como máximo, durante os exercicios económicos de 2014, 2015 e 2016, condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de cada anualidade, con cargo á partida 3330.226.09.01 "Programa de exposicións", para atender as obrigas correspondentes ao Concello de Vigo derivadas do convenio (produción de material básico para difusión das exposicións)."

Terceiro.- Autorizar a modificación das porcentaxes do gastos máximo anual establecidos no apartado 3 do artigo 174 do TRLRFL, segundo se recolle na base 26 de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, de acordo coas contías do parágrafo anterior.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE EXPOSICIÓNS NA CASA GALEGA DA CULTURA**

Vigo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

**COMPARECEN**

*Dunha parte, D. Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, CIF P3605700H, con sede na praza do Rei num. 1, 36202; en virtude do decreto de delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de Vigo (en adiante o Concello).*

*Doutra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 90/2010, do 10 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 114, do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010). Con enderezo en Campus universitario, 36310 Vigo.*

*Ambos os dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica dabondo, subscriben en nome das respectivas entidades o presente documento e, para os efectos,*

**EXPOÑEN**

*1.- Que ambas as dúas entidades consideran de interese común promover a cooperación e colaboración para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de carácter cultural dirixidos á cidadanía viguesa en xeral e, en particular, á comunidade universitaria do campus de Vigo.*

*2.- Que ambas institucións teñen sinerxias que poden e deben complementar a oferta cultural da cidade de Vigo e a súa área de influencia. A Concello de Vigo e a Universidade de Vigo como entidades promotoras de cultura poderían aproveitar as súas potencialidades que se relacionan co outro ricaz conglomerado creativo que se amosa en toda a cidade, de xeito que determinados espazos da cidade e da Universidade poidan asociarse con esta formulación cultural, creando unha imaxe de marca asociada a estes valores, á cidade de Vigo e ás dúas institucións asinantes deste convenio.*

*3.- En consecuencia e por todo isto, ambas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO.**

*O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a Concellaría de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo para a organización conxunta de exposicións na Casa Galega da Cultura, no período 2013-2016.*

**SEGUNDA.- PROGRAMA**

*En virtude deste convenio preténdense promover, desenvolver e apoiar o deseño e execución dun programa expositivo que ten como obxecto principal potenciar os novos valores e as iniciativas, proxectos e actividades vangardistas e alternativas de calidade que complementan a oferta cultural xa existente na cidade e que contribúan a acadar os obxectivos de ambas institucións.*

As exposicións do programa expoñeríanse na planta baixa da Casa Galega da Cultura nun período máximo de catro (4) meses, incluídas montaxes e desmontaxes, en cada un dos anos de vixencia deste convenio, excepto no ano 2013 que se limitaría ao período do 29 de maio ao 17 de xullo; se ben cada exposición tería un máximo de 5 semanas de apertura ao público. As exposicións amosarían diferentes ámbitos (artes plásticas, visuais, científicas, literarias, teatrais...) dirixidas por diferentes comisarios nomeados pola Universidade de Vigo.

#### TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS ENTIDADES ASINANTES DO CONVENIO

##### A Universidade de Vigo comprométese a:

- Desenvolver a programación anual (consistente en dúas exposicións) para o que nomeará un coordinador xeral e os comisariados de cada exposición. A Universidade de Vigo presentará a proposta do programa concreto á concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, ou á persoa que esta nomee, no mes de outubro de cada anualidade precedente á da programación.
- Realizar o deseño gráfico do material de difusión.
- Asumir a produción das exposicións (montaxe, desmontaxe, transportes, etc.), seguros, permisos, autorizacións, xestión e gastos vencellados aos dereitos de autor e, en xeral, calquera outro concepto ou gasto non atribuído expresamente ao Concello de Vigo.
- Procurar a edición dos catálogos das exposicións realizadas; por cada unha delas, por grupos, por ciclos ou da forma en que a Universidade de Vigo o considere máis adecuado.

##### O Concello de Vigo comprométese a:

- Ceder o uso da sala de exposicións da planta baixa da Casa Galega da Cultura (praza da Princesa 2) durante o período acordado para cada programa anual de exposicións.
- Facilitar un servizo de atención ao público na sala de exposicións e o control de acceso do edificio.
- Dispoñer o mantemento e limpeza da sala de exposicións.
- Producir o material básico de difusión para cada exposición (folletos, cartel, invitacións e sobre, lona en exterior do edificio, ...) de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria adecuada e suficiente no correspondente programa municipal.
- Proporcionarlle á Universidade de Vigo unha parte do material de difusión que precise (folletos, invitacións, sobres, ...) de acordo co plan conxunto que elaboren as dúas partes.

#### CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento xeral anual do programa obxecto do convenio ascende 16.400 (dezaseis mil catrocentos euros), con todos os impostos e gastos incluídos, nos anos 2014, 2015 e 2016 e de 8.200 € (oito mil douscentos euros) en 2013.

O Concello de Vigo realizaría gastos de produción de material básico de difusión das exposicións con cargo á partida 3330.226.09.01 "Programa de exposicións", por un importe máximo de 1.700 € en 2013 e por un máximo anual de 3.400 € en 2014, 2015 e 2016, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de cada anualidade.

Os gastos que asume a Universidade de Vigo derivados deste convenio aplicaranse á partida 2012.00EU.221E.229.01 Actividades Culturais, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de cada anualidade e ata un máximo de 13.000 € (trece mil euros) .

#### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

O seguimento do convenio, da planificación, desenvolvemento e avaliación das actividades do programa realizaranse a través dunha comisión mixta na que estarán presentes o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, o Vicerreitor de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo e un técnico de cada unha das entidades asinantes, que cada parte nomeará, no prazo dunha semana trala sinatura do convenio. Os técnicos citados serán os



*interlocutores das dúas entidades asinantes para a coordinación das actividades obxecto deste convenio.*

#### **SEXTA.- OUTROS ACORDOS DE COLABORACIÓN CULTURAL**

*As entidades asinantes deste convenio procurarán outros acordos ou convenios de colaboración cultural, para os que se determinará, como mínimo:*

- *Descrición do obxecto de convenio.*
- *Definición do programa de traballo acordado.*
- *Formulación do orzamento e/ou da achega das respectivas partes, coa consignación, se procede, da conseguinte partida orzamentaria.*
- *Relación de persoas que ambas partes asignan para o desenvolvemento do convenio.*
- *Calquera outro aspecto que se considere relevante.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN**

*O material editado en relación coas actividades deberá contar coa conformidade previa das dúas entidades asinantes do convenio, a través dos seus representantes na comisión mixta. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo/Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos e da Universidade de Vigo/Vicerreitoría de Extensión Universitaria figurarán debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas, créditos e contidos que se acorden.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada entre os responsables institucionais na comisión mixta.*

#### **OITAVA.- INCUMPRIMENTOS**

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo. Previamente, as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferenzas a través da comisión mixta de seguimento do convenio.*

#### **NOVENA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA**

*O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2016 e non será prorrogable.*

*As partes poderán denunciar o convenio ou propoñer a súa modificación, a través de escrito comunicado cunha antelación mínima de tres meses antes do remate de cada un dos exercicios presupostarios comprendidos na súa vixencia.*

*E en proba de conformidade cos termos do convenio de colaboración, as partes o asinan por triplicado no lugar e data expresados ao comezo.*

### **12(553).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE O MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 14249/331.**

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento e do acordo de Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de abril, e que son os que deseguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	PARTIDA	TIPO EXP.	Nº RC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
14163/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "Far West" da compañía Yllana, a realizar no Auditorio Municipal do Concello o domingo 5 de maio ás 18 horas	2260906	Servizos	23799	4.840,00 €	CULTURAC-TIVA SOCIE-DA-DE CO-OPERA-TIVA GALEGA	F15983067
14164/331	Contratación dunha función do espectáculo "O método Grönholm" da compañía Talía Teatro a realizar o venres 5 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	2260906	Servizos	23548	2.154,00 €	PRO-DU-CIÓNS TEATRAIS TALÍA S.L.	B70123567
14166/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "A Voar" da compañía Sarabela Teatro a realizar no Auditorio Municipal do Concello de Vigo o domingo 7 de abril ás 18 horas	2260906	Servizos	23913	1.140,00 €	SARABELA S.L.	B32117483
14168/331	Organización das Xornadas de Filosofía	2279900	Servizos	26178	8.000,00 €	GRUPO ALETHEIA	G36659258
14169/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "Osíño" da compañía Tropicallo, a realizar no Auditorio Municipal o domingo 26 de maio	2260906	Servizos	23912	1.062,00 €	TROPICALLO S.C.	J15965510
14170/331	Contratación dunha función do espectáculo "Arquitectura da emoción" da compañía A Produccións Artísticas, a realizar no Auditorio Municipal o venres 12 de abril, ás 21 horas	2260906	Servizos	23914	1.161,60 €	A PRODUC-CIÓNS AR-TÍSTICAS S SL	B27741792
14172/331	Contratación dunha función do espectáculo "O refugallo" da compañía Berrobambán, a realizar no Auditorio Municipal o domingo 14 de abril, ás 18 horas	2260906	Servizos	26289	1.500,00 €	BERROBAM-BÁN S.L.	B70096433
14173/331	Contratación dunha función do espectáculo "Malos hábitos" de Iolanda Muíños e Camila Bossa, a realizar no Auditorio Municipal o venres 19 de abril, ás 21 horas.	2260906	Servizos	26198	1.016,40 €	ABRAPALA-BRA CREA-CIO-NES ESCENICAS	B70217336
14174/331	Contratación dunha función do espectáculo "Macho" do actor David Loira Gaarcía, a realizar no Auditorio Municipal o venres 26 de abril, ás 21 horas	2260906	Servizos	23915	690,00 €	DAVID LOI-RA GARCÍA	46914420D

14175/331	Contratación dunha función do espectáculo "O reino do revés" da compañía Lorena Lores, a realizar no Auditorio Municipal do Concello do domingo 21 de abril, ás 18 horas	2260906	Servizos	23911	900,00 €	REDELVI PRODUCCIONES S.L.	B36898302
14177/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "Cenicienta y las zapatillas de cristal" da compañía Luna Teatro Danza, a realizar no Auditorio Municipal do Concello, o domingo 12 de maio, ás 18 horas	2260906	Servizos	24926	770,00 €	PABLO VERGNE QUIROGA	50321710X
14179/331	Contratación dunha función do espectáculo "Románticos" da compañía Produccións Teatrais Excéntricas, a realizar no Auditorio Municipal do Concello o sábado 11 de maio, ás 21 horas	2260906	Servizos	24927	2.395,80 €	PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXÉNTRI-CAS	B15928377
14180/331	Material gráfico e de difusión da programación do Auditorio Municipal do Concello nos meses de abril e maio	2260906	Servizos	25435	2.660,19 €	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	B36614808
14182/331	Contratación do servizo de venda de entradas dos espectáculos programados no Auditorio do Concello nos meses de abril e maio a través de Servinova	2260906	Servizos	25434	2.837,86 €	FUNDACIÓN ESPECIAL CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVE-DRA	G70270293
14183/331	Contratación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia para realizar unha función do espectáculo "Anxeliños" o venres 17 de maio, ás 20,30 horas, no Auditorio Municipal do Concello	2260906	Servizos	25436	500,00 €	ESCOLA SUPERIOR ARTE DRAMÁTICA	S3600026C
14184/331	Contratación dunha función do espectáculo "La muñeca pelona" da compañía Engruna Teatre, a realizar o domingo 19 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	2260906	Servizos	26172	1.410,00 €	ENGRUNA PRODUCCIONS SCP	J65401192
14185/331	Contratación dunha actuación do grupo 2us o venres 24 de maio ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	2260906	Servizos	25438	1.080,00 €	SINSA-LAU-DIO S.L.	B36898369

14194/331	Contratación dunha función de "Laretadas" do monoloxuista Josito Porto, a realizar o venres 3 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2260906	Servizos	25431	600,00 €	AIRAPRO S.L.	B70209564
14202/331	Contratación da compañía Otradanza para realizar unha función do espectáculo "Eureka" o domingo 28 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello con motivo do Día Internacional da Danza	2260906	Servizos	26286	5.445,00 €	OTRA DANZA S.L.	B54324298
14203/331	Dereitos de autor da programación do Auditorio Municipal do Concello nos meses de abril e maio	2260906	Servizos	26287	2.293,31 €	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	G28029643
14205/331	Subministración de materiais para o control preventivo curativo contra xilófagos na Biblioteca Pública Central de Vigo	2120000	Servizos	27405	4.225,78 €	MANUEL MURADÁS SEARA	36159467V

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**13(554).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 5047/335.**

Mediante providencia de data 8.05.13, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, durante o mes de abril de 2013, que son os seguintes:

Expte: 5034/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA ACTUACIÓN "GALA LÍRICA DA PRIMAVERA"

Decreto concelleira data: 19/04/2013

Informe Intervención: RCM 29460

Adxudicatario: UNIÓN MUSICAL DE VALADARES

Importe total: 4.859,50 EUROS

Expte: 5035/335. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE INVITACIÓNS PROTOCOLARIAS PARA O ESPECTÁCULO "LA BELLA Y LA BESTIA"

Decreto concelleira data: 25/04/2013

Informe Intervención: RCM 30140

Adxudicatario: STAGE ENTERTAINMENT SL

Importe total: 13.784,32 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**14(555).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ORQUESTA 430 PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SINFÓNICO DE PRIMAVERA 2013. EXPTE. 14167/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.04.13, o informe de fiscalización do 16.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 24.04.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro. - Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000€ (corenta mil euros) á ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430, NIF: G27743475, para o financiamento do “PROGRAMA SINFÓNICO DE PRIMAVERA 2013”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTA 430”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

Segundo.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “PROGRAMA SINFÓNICO DE PRIMAVERA 2013”.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO “PROGRAMA SINFÓNICO DE PRIMAVERA 2013”*

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil trece

REÚNENSE

*A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2013; con enderezo na Praza do Rei s/n, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo, en adiante CONCELLO*

*Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430 (CIF: G27743475), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle otorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Avda. de Frago, 31 - 9º B CP:36210 da cidade de Vigo, en adiante a ASOCIACIÓN.*

*Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural o "Programa Sinfónico de Primavera 2013", toda vez que este complementa á programación cultural propia do mesmo e contribúe a dotar a cidade dunha programación sinfónica estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2013, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTRA 430", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 40.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL.....

TERCEIRO.- Que ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo, e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais "a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais".

CUARTO.- Que ASOCIACIÓN ven desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da música en xeral, promovendo o evento "Programa Sinfónico de Primavera 2013" e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que ASOCIACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ae mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do "Programa Sinfónico de Primavera 2013".

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello e a Asociación para desenvolver o programa de actividades "Programa Sinfónico de Primavera 2013" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

##### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 50.357,00 € (cicoenta mil trescen-

tros cincuenta e sete), financiándose os mesmos mediante as achegas de 40.000 € do Concello (79,43%), de 5.421 € por cotas de asociados e billeteira (77 %) e outros patrocinios 4.936 € (9,8%).

#### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Programa Sinfónico de Primavera conta con catro concertos :

- O domingo 13 de xaneiro.

-Artista convidado: Alexis Cárdenas

-Programa:

Haendel : Abertura de "Giulio Cesare"

Brahms : Concerto para Violín solista Alexis Cárdenas.

Mozart: Sinfonía nº 40

- O mércores 20 de marzo.

-Artista convidado: Christophe Coin

-Programa:

Mozart : Abertura de "O rapto no serrallo"

Lalo : Concerto para Violncello solista Chistophe Coin

Beethoven : Sinfonía nº 7

- O mércores 1 de maio.

-Artista convidada : Margarita Escarpa

-Programa :

Wagner : "O idilio de Sigrido"

Rodrigo : "Concerto de Aranjuez" solista Margarita Escarpa

Schubert : Sinfonía nº 6

- O mércores 12 de xuño.

-Artista convidado : Andrés Marín

-Programa :

Williams : "A prayer for peace"

Ives : "The unanswered question" Coreografía e baile : Andrés Marín. Arr.: A. Garrido.

Sibelius : Sinfonía nº 5

Todos os concertos do Programa Sinfónico de Primavera terán lugar no Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Vigo ( Rúa Manuel Olivie).

Soamente será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada, impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as conseguíntes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.

#### CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

- Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo as ordenes de D.Francisco Javier Escobar Vidal que actuará como interlocutor fronte á Concellería.  
A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mes-

mos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.
- ASOCIACIÓN comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención a ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do mesmo ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Cultura.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.*

*ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).*

**Lingua de difusión e publicacións:**

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

*O Concello xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*

**Documentación a incluír na conta xustificativa:**

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 15 de decembro de 2012.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
  1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica xustificativa, ca declaración e desglose da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa ).*
  - ◆ *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
  - ◆ *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

*Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.*

*Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

#### Gastos subvencionables:

*Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que sexan aplicables ao Programa Sinfónico de Primavera, entre eles, de conformidade ao previsto no art. 29.7 da lei 9/2007 LXS, os gastos financeiros polo importe de 1,050 €; quedando excluídos os gastos xerais*

*de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

*A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Importe total de subvencións ou axudas:*

*A subvención do Concello a ASOCIACIÓN, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

**NOVENA.- INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**DÉCIMA.- REINTEGRO.**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprendizaxe e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería.*

**DÉCIMO TERCEIRA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e a Asociación- Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.*

*A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

**DÉCIMO CUARTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:**

*O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Asociación, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.*

**DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA.**

*O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2013, e non será prorrogable.*

**DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes factulará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.*

*Por parte do Concello, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**DECIMO SÉTIMA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado. Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.*

**ANEXO I**

Orquestra Vigo 430

**ORZAMENTO 2013**

**TEMPADA PRIMAVERA**

	INGRESOS DE EXPLOTACIÓN					INGRESO TOTAL
	PROX1	PROX2	PROX3	PROX4	TOTAL	
<b>740 Subvencions, donacions e legados á explotación</b>	<b>12.589,25</b>	<b>12.589,25</b>	<b>12.589,25</b>	<b>12.589,25</b>	<b>50.357,00</b>	<b>50.357,00</b>
740.0.0001 Subvencions de explotación incorporadas ao resultado do exercicio.	10.000,00	10.000,00	10.000,00	10.000,00	40.000,00	40.000,00
740.0.0002 Patrocinios privados	1.234,00	1.234,00	1.234,00	1.234,00	4.936,00	4.936,00
740.2.0001 720: Cuotas de asociados e usuarios	1.355,25	1.355,25	1.355,25	1.355,25	5.421,00	5.421,00

	GASTOS DIRECTOS				TOTAL	GASTO TOTAL
	PROXECTOS				GASTOS DIRECTOS	
	PROX1	PROX2	PROX3	PROX4		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>-12.326,75</b>	<b>-12.326,75</b>	<b>-12.326,75</b>	<b>-12.326,75</b>	<b>-49.307,00</b>	<b>-49.307,00</b>
<b>6. Gastos de persoal.</b>	<b>-6.431,36</b>	<b>-6.431,36</b>	<b>-6.431,36</b>	<b>-6.431,36</b>	<b>-25.725,43</b>	<b>-25.725,43</b>
640.0.0001 Soldos e Salarios	-4.929,81	-4.929,81	-4.929,81	-4.929,81	-19.719,25	-19.719,25
642.0.0001 SS a cargo da empresa	-1.501,55	-1.501,55	-1.501,55	-1.501,55	-6.006,18	-6.006,18
<b>7. Outros Gastos de Explotación - Servizos Exteriores</b>	<b>-5.895,39</b>	<b>-5.895,39</b>	<b>-5.895,39</b>	<b>-5.895,39</b>	<b>-23.581,57</b>	<b>-23.581,57</b>
<b>621 Arrendamentos e cánones</b>	<b>-785,35</b>	<b>-785,35</b>	<b>-785,35</b>	<b>-785,35</b>	<b>-3.141,39</b>	<b>-3.141,39</b>
621.0.0001 Arrendamento sala concertos e gastos sala	-615,16	-615,16	-615,16	-615,16	-2.460,63	-2.460,63
621.0.0002 Arrendamento partituras	-170,19	-170,19	-170,19	-170,19	-680,76	-680,76
<b>623 Servizos de profesionais independentes</b>	<b>-1.904,55</b>	<b>-1.904,55</b>	<b>-1.904,55</b>	<b>-1.904,55</b>	<b>-7.618,20</b>	<b>-7.618,20</b>
623.0.0001 Cartelería	-350,20	-350,20	-350,20	-350,20	-1.400,78	-1.400,78
623.0.0004 Venda on line	-18,56	-18,56	-18,56	-18,56	-74,22	-74,22
623.0.0005 Despacho de billetes	-57,88	-57,88	-57,88	-57,88	-231,50	-231,50
623.0.0007 Traslado de material	-276,05	-276,05	-276,05	-276,05	-1.104,20	-1.104,20
623.0.0008 Asistencia de produción	-1.050,63	-1.050,63	-1.050,63	-1.050,63	-4.202,50	-4.202,50
623.0.0009 Administración	-151,25	-151,25	-151,25	-151,25	-605,00	-605,00
<b>626 Servizos bancarios y similares</b>	<b>-1,02</b>	<b>-1,02</b>	<b>-1,02</b>	<b>-1,02</b>	<b>-4,08</b>	<b>-4,08</b>
626.0.0001 Gastos bancarios	-1,02	-1,02	-1,02	-1,02	-4,08	-4,08
<b>627 Publicidade, propaganda e relacións públicas</b>						
627.0.0001 Gastos de Publicidade						
<b>629 Outros servizos</b>	<b>-3.204,48</b>	<b>-3.204,48</b>	<b>-3.204,48</b>	<b>-3.204,48</b>	<b>-12.817,90</b>	<b>-12.817,90</b>
629.0.0001 Gastos de viaxe	-2.411,20	-2.411,20	-2.411,20	-2.411,20	-9.644,81	-9.644,81
629.0.0002 Dietas	-315,00	-315,00	-315,00	-315,00	-1.260,00	-1.260,00
629.0.0004 Catering concerto (músicos)	-229,00	-229,00	-229,00	-229,00	-916,00	-916,00
629.0.0005 Material de oficina consumible no exercicio	-59,60	-59,60	-59,60	-59,60	-238,40	-238,40
629.0.0007 de teléfono, fax, correo	-18,19	-18,19	-18,19	-18,19	-72,76	-72,76
629.0.0009 Fotocopias e Impresións	-48,86	-48,86	-48,86	-48,86	-195,44	-195,44
629.0.0010 Partituras	-122,62	-122,62	-122,62	-122,62	-490,49	-490,49
<b>678 Gastos imprevistos (5% s/gastos)</b>						
678.0.0001 GASTOS EXCEPCIONAIS						
<b>A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>262,50</b>	<b>262,50</b>	<b>262,50</b>	<b>262,50</b>	<b>1.050,00</b>	<b>1.050,00</b>
662.3.0001 Intereses Póliza Crédito anticipo subvención	-262,50	-262,50	-262,50	-262,50	-1.050,00	-1.050,00
<b>RESULTADO</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

**15(556).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A DINAMIZACIÓN DEPORTIVA NAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 12035/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 18.04.13, o informe de fiscalización do 20.05.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.04.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o programa de actividades (Anexo III do texto do convenio de colaboración) vinculadas ó desenvolvemento do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Atletismo.

Segundo.- Aprobar do texto do convenio que rexerá o programa de dinamización deportiva da instalación deportiva municipal das pistas de atletismo entre o Concello de Vigo e a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 18.000,00 €. a favor da entidade Federación Galega de Atletismo co CIF: G-15103500 e enderezo social na Avda. Glasgow, 13 en A Coruña segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12035-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.227.99.05. do vixente orzamento.

Cuarto.- Aprobar a cesión á Federación Galega de Atletismo dos espazos dispoñibles nas pistas de atletismo de Balaidos para a xestión da publicidade estática, tal e como se establece na letra "g" da cláusula terceira do convenio de colaboración, previa presentación, por parte da Federación, dun proxecto de explotación dos ditos espazos, e a autorización expresa por parte do Concello de Vigo.

Quinto.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO A SUSCRIBIR ENTRE O CONCELLO DE VIGO ORGANISMO E A ENTIDADE "FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN DEPORTIVA NA INSTALACIONES DEPORTIVA MUNICIPAL "PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS".*

No Concello de Vigo, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

COMPARECEN

*DUNHA PARTE: D. Abel Caballero Álvarez en calidade de Alcalde do Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás competencias que ten conferidas.*

DOUTRA PARTE: D. \_\_\_\_\_, con DNI: \_\_\_\_\_, como representante da Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo

Diante da secretaria do goberno Municipal de Vigo Dna. Concepción Campos Acuña.

Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio entre as entidades ás que representan e

#### EXPOÑEN:

Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, ten entre os seus obxectivos a promoción e dinamización deportiva en todos os ámbitos e de forma específica en relación a modalidade do atletismo e a instalación das pistas municipais de atletismo.

Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica do atletismo en Vigo.

Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación das diversas posibilidades de práctica deportiva na instalación Municipal das Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos.

Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, establecemento un marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atopase incluído no establecido no artigo 4.d) do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP.

Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, ámbalas dúas entidades suscriben o presente convenio de colaboración definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especifícase nas seguintes

#### CLAUSULAS:

Primeira: A finalidade deste convenio fundaméntase de forma principal na colaboración conxunta para a dinamización deportiva das instalacións Municipais das Pistas de Atletismo de Balaidos. A vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2013. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a realización dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, o atopase excluído do ámbito obxectivo de aplicación do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP (art. 4.d), queda referida ás propias cláusulas do convenio, ás restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Terceira: A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, colaborará co Concello de Vigo no desenvolvemento da dinamización deportiva das instalacións municipais das Pistas de Atletismo de Balaidos, a través dos seguintes compromisos:

- A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, encargarse da dinamización deportiva a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da practica deportiva, respondendo os seguintes aspectos:

a.1.- Xerar ofertas que se correspondan coas demandas das entidades deportivas de atletismo de Vigo, en relación coas súas propias competencias.

a.2.-Fomentar actividades e programas que dinamicen a práctica do atletismo coas entidades deportivas de atletismo de Vigo, así como aqueles outros programas que se acorden co propio Concello de Vigo baixo os principios de eficiencia y economía en funcións dos recursos vinculados o vixente convenio.

a.3.- Desenvolver as actividades deportivas oficiais contempladas no calendario deportiva das disciplinas atléticas.

- A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, para o desenvolvemento deste programa de promoción da practica deportiva, responsabilizarse e garantirá mediante persoal propio a apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Atletismo de Balaidos. Dito persoal non terá ningunha relación laboral contractual co Concello de Vigo, e deberá atoparse baixo o réximen laboral adecuado a súa responsabilidade. Para ese efecto, a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, contará con todos os medios materiais e organizativos suficientes, garantindo a través da súa facultade dirección e das súas potestades organizativas o correcto desenvolvemento do obxecto deste convenio.

Os horarios mínimos de apertura da instalación quedan establecidos en base o anexo I, o cal deberá adecuarse as necesidades demandadas polas entidades deportivas do atletismo vigués.

- A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo responsabilizarse das tarefas básicas do control e vixianza das actividades. Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades. De forma xeral tódalas incidencias e necesidades serán trasmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente do Concello de Vigo para o seu fluído tratamento e coñecemento.
- A Entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, será a responsable da execución dos programas deportivos, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio. Ademais deberá de cumprir con todos os requisitos de seguridade obrigatorios por normas de aplicación sectoriais da actividade que se desenvolva.
- A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, será responsable da execución das tarefas de mantemento funcional e preventivo das instalacións deportivas. Dentro deste ámbito de actuación se atopan os traballos de limpeza, así como os pequenos mantementos derivados do propio uso da instalación. Para a regulación deste apartado no primeiro mes de vixencia do contrato será preciso a realización dun acta inventario dos elementos vinculados a esta responsabilidade.
- A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, para garantir o uso equitativo e equilibrado das instalacións, será responsable de propoñer unha normativa para o funcionamento e uso das instalacións, que deberá ser aprobado polo Concello de Vigo.
- A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, poderá xestionar as diversas opcións de publicidade estática no ámbito da instalación. Para o cal deberá solicitar do Concello de Vigo a autorización expresa coa presentación dun proxecto.



*Os acordos vinculados a ditos proxectos de publicidade repercutirán directamente na financiación do obxecto do presente convenio. Así mesmo, ditos acordos non poderán superar en ningún caso a vixencia de convenio.*

- *En toda a información e publicidade das actividades deportivas vinculadas a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, da Concellería de Deportes como entidades colaboradoras. Así mesmo todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego.*

Cuarta: O Concello de Vigo comprométese a:

- *Colaborar coa entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo na difusión e dinamización dos contidos e actuacións vinculados con este convenio.*
- *Para facilitar o uso da instalación deportiva "Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos", o Concello de Vigo facilitará á Entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, unha copia das chaves, así como un código de acceso á instalación, responsabilizándose o persoal da entidade da custodia, adecuado uso para a apertura e peche da instalación, así como de non transferir a terceiras persoas, tanto as chaves como o código e acceso.*
- *O Concello de Vigo como titular da instalación responsabilizarase dos seguintes aspectos:*
  - *Consumos de enerxía eléctrica, consumos de auga.*
  - *En relación co mantemento da instalación, o Concello de Vigo, en colaboración coa entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo realizarán un programa de actuación de mantemento das instalacións.*
  - *A responsabilidade civil vinculada a titularidade da infraestrutura.*
- *O Concello de Vigo colaborará na financiación das actuacións vinculadas a este convenio coa aportación máxima de 18.000,00 euros, con cargo a partida orzamentaria da Concellería de Deportes 3410.227.99.05. Esta aportación é independente de outras aportacións que a Concellería de Deportes consigne para o desenvolvemento de competicións oficiais de atletismo na cidade de Vigo, en relación á organización de diversas probas atléticas na vía pública, como as tradicionais Carreira de San Xoán ou a Carreira do Pavo, entre outras.*

*Dito importe será aboado a entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, según a certificación bancaria de titularidade da seguinte forma:*

*d.1.- O 50% do importe total proposto, será abonado á Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo mediante transferencia Bancaria, trala aprobación do presente convenio por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais vinculados o obxecto do presente convenio.*

*En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xá que a solvencia e capacidade da Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, está demostrada pola traxectoria da entidade como entidade que dende o ano 1990 ven desenvolvendo actuacións similares en relación a dinamización atlética nas pistas de Balaidos.*

*d.2.- O resto do importe abonarase á Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo de modo fraccionado en porcentaxe do 25 %, e trala presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable.*

*Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado do 25%, e previo o abono deste, a entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo deberá xustificar axeitadamente o 50% recibido anticipadamente.*

*A axeitada xustificación, a realización do obxecto do convenio e o cumprimento da finalidade do mesmo será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.*

*A tal efecto, a Federación Galega de Atletismo, a través da súa Delegación en Vigo, deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén o proxecto subvencionado.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais de federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, etc..) emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida os obxectivos do convenio.*

*Con carácter previo ao pago das aportacións económicas recollidas neste apartado, a entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como ante o Concello de Vigo.*

- O Concello de Vigo en coordinación coa entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo desenvolverán un proxecto anual de necesidades en relación ós equipamentos técnicos de competición, que será desenvolto polo Concello de Vigo en función da dispoñibilidade orzamentaria en cada exercicio.

Quinta: O Concello de Vigo a través do seu persoal cualificado a tal efecto, resérvase a facultade de controlar o bo uso das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas en materia de mantemento e coidado da instalación, para o cal a Entidade que asina este convenio atenderá as indicacións do Anexo II.

Sexta: A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo comprométese a confeccionar unha memoria anual en relación o desenvolvemento das actividades incluídas neste convenio, e detalladas no Anexo III, a cal deberá contemplar:

Por parte da entidade Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo:

- Descrición das actividades realizadas.
- Nº de participantes.
- Nº de entidades.
- Valoración da actividade
- Outros puntos que sexan considerados de interese.

Desta memoria anual deberase dar conta á Concellería de Deportes.

Sétima: A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, non poderá percibir cantidade algunha pola utilización das instalacións obxecto deste convenio, por parte de terceiros, nin poderá autorizar o seu uso unilateralmente sen autorización previa do Concello de Vigo.

Oitava: Para o seguimento do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará formada por dúas persoas nomeadas por cada unha das partes.

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, quedando facultado o Concelleiro de Deportes para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

En proba da súa conformidade, as partes intervintes, así o conveñen asinando por duplicado , no lugar e data indicada no presente convenio.

ANEXO I: Proposta básica dos horarios para o desenvolvemento das actuacións deportivas:

	*Horario Mañás	*Horario Tardes
Lunes	Pechada	18,00h-23,00h
Martes a venres	10,00h-13,00h	18,00h-22,00h
Sábados	10,00h-13,00h	Pechada

\*Horarios expostos a modificacións en función da celebración de competicións puntuais que teñan lugar nas instalacións.

## ANEXO II: Indicacións e pautas para o bo funcionamento da instalación:

### A.- REVISIÓN DOS SISTEMAS E EQUIPOS DA INSTALACIÓN:

Neste apartado facemos referencia o conxunto de sistemas que fan posible o funcionamento habitual da instalación tales como: a produción de auga quente sanitaria, sistemas de iluminación, marcadores, megafonía, etc.

- a.1.- *Recoméndase debido a súa importancia funcional, realizar unha revisión do seu funcionamento antes do inicio das actividades diariamente.*
- a.2.- *Así mesmo pola complexidade e perigosidade dos devanditos sistemas, é absolutamente desaconsellable que se intente efectuar arranxos ou reparacións en ditos sistemas. Ante a existencia de calquera incidente, deberá proceder a comunicalo coa maior celeridade posible, para que sexan reparados polo persoal autorizado polo Concello de Vigo. Ditos avisos, aínda que polo seu carácter de urxencia poidan ser realizados telefonicamente, deberán ser identificados de forma escrita.*

### b.- ATENCIÓN OS USUARIOS

*A filosofía normativa deste apartado centrase na procura de que os usuarios poidan desenvolver a súa actividade nas mellores condicións posibles.*

- b.1.- *Antes do inicio das actividades cada día o responsable da entidade deberá revisar a mesma, debendo preocuparse do grao de limpeza e orden da mesma.*
- b.2.- *Diariamente, realizarase unha revisión da instalación (vestiarios, salas, etc), comprobando que todo quedou en orde, e que non existen desperfectos. No caso de detectar algún deterioro, procurarase subsanar e darase parte do acontecido.*
- b.5.- *Cando exista algunha avaría nalgún sistema, informarase desta circunstancia ós usuarios á chegada á instalación.*
- b.6.- *Tampouco debese de abandonar a seguridade do usuario tanto a nivel persoal como dos enseres dos que sexa propietario, para o que deberase de ter en conta un control de acceso á instalación.*

### c.- OUTRAS FUNCIÓNS XERAIS:

- c.1.- *Atender as orientación e programación feita polo Concello de Vigo.*
- c.2.- *Entregar mensualmente informes de uso da instalación.*
- c.3.- *Realizar os partes de incidencias de cantas anomalías sexan producidas na instalación.*
- c.4.- *Para os casos de incidencias persoais dos deportistas vinculados os programas deportivos do convenio, a entidade deberá dispor dos plans e procesos de asistencia médica, según os protocolos específicos da lexislación vixente en materia deportiva.*

## ANEXO III: PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ATLÉTICA DAS PISTAS DE ATLETISMO MUNICIPAIS DE BALAIOS.

*A Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos principais a promoción da actividade físico-deportiva, a dinamización de propostas encamiñadas ó fomento da práctica do deporte na cidade, a posta en marcha de iniciativas que faciliten o acceso dos e das cidadás a hábitos de vida saudables vinculados ó deporte, facilitar o desenvolvemento de competicións de diferentes ámbitos, niveis e modalidades dirixidas a deportistas da máis ampla gama de perfís ou optimizar o uso das instalacións deportivas de titularidade municipal.*

*Neste sentido, a Concellería de Deportes pon en marcha diferentes iniciativas e programas que son desenvolvidos ben directamente, ou ben en colaboración con outras entidades pertencentes ó tecido asociativo ou federativo da cidade de Vigo coa finalidade de optimizar os recursos dispoñibles e atopar vías de entendemento que permitan conseguir o maior impacto e repercusión nos propios deportistas da cidade e o maior nivel de calidade posible.*

En liña con estes obxectivos xerais, e co firme propósito de impulsar algunhas das iniciativas descritas, a Concellería de Deportes coordina, coa Delegación da Federación Galega de Atletismo, o desenvolvemento dun proxecto de colaboración en relación ó funcionamento das pistas de atletismo de Balaidos, que teñen un carácter de uso exclusivo para a diversidade do deporte do atletismo, e que demandan unha actuación de dinamización deportiva, que posibilite un uso racional da instalación, ao tempo que poda xerar dinámicas de consolidación das demandas atléticas dos diversos colectivos.

Encamiñado a alcanzar niveis de excelencia esixibles en calquera iniciativa de carácter público, e en liña cos obxectivos principais da Concellería, ésta diseñou un programa de dinamización e promoción da práctica do atletismo, no que se ten en conta a colaboración necesaria da Federación Galega de Atletismo como axente coñecedor das necesidades dos diferentes colectivos vinculados á práctica do atletismo na cidade, e como entidade coordinadora das necesidades xeradas polo propio sector, encamiñado a garantir unha oferta deportiva que garanta un uso equilibrado e optimizado das instalacións municipais das pistas de atletismo de Balaidos, e simultaneamente desenvolva accións específicas dirixidas a potenciar a práctica do atletismo na poboación da cidade de Vigo.

O desenvolvemento específico do proxecto de dinamización das pistas de atletismo de Balaidos se fundamenta nas seguintes actuacións concretas:

- Coordinar iniciativas dos diferentes colectivos cuxa actividade se desenvolve nas pistas de atletismo municipais de Balaidos.
- Acoller e coordinar competicións oficiais de carácter federado que posibiliten a promoción do atletismo fundamentalmente entre os deportistas máis xóvenes da cidade.
- Coordinar a xestión da atención ós diferentes colectivos que desenvolven os seus proxectos deportivos nas instalacións municipais das pistas de atletismo de Balaidos.
- Organizar e coordinar a celebración de diferentes eventos deportivos municipais, entre os que destacan:
  - As “Series Municipais de atletismo” nas pistas Municipais de atletismo de Balaidos orientadas fundamentalmente á promoción do atletismo en pista, que se celebrarán en 5 xornadas distintas.
  - O Gran premio cidade de Vigo de Atletismo.
- Albergar e facilitar diferentes competicións lideradas por distintos colectivos asociativos da cidade, como os Torneos de inverno, a Liga Nacional de Clubes, o Trofeo Alfonso Posada ou o Trofeo AVA, entre outros.
- Optimizar e establecer os niveis de control necesarios na utilización das pistas de atletismo de Balaidos, armonizando equilibradamente as diferentes necesidades e establecendo criterios de usos equitativos.
- Establecer o mantemento operativo da instalación determinando os criterios de calidade necesarios e levando a cabo os traballos necesarios que permitan unha axeitada conservación dos materiais e equipamentos.

Todas estas actuacións desenvolveranse nuns horarios ordinarios estables, adaptándose de forma extraordinaria ás necesidades vinculadas ó desenvolvemento das actividades puntuais do programa. Estes horarios estarán establecidos de forma ordinaria según a seguinte táboa:

Días	*Horario Mañás	*Horario Tar-des
Lunes	Pechada	18,00h- 23,00h

Martes a venres	10,00h-13,00h	18,00h-22,00h
Sábados	10,00h-13,00h	Pechada

*\*Horarios expostos a modificacións en función da celebración de competicións puntuais que teñan lugar nas instalacións.*

**16(557).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE VIGO EXTREME PARA LEVAR A CABO, XUNTO COA CONCELLERÍA DE DEPORTES, O “PROGRAMA MUNICIPAL DE RUTAS URBANAS DE PATINAXE”. EXPTE. 12184/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Entidade Vigo Extreme xunto coa Concellería de Deportes a levar a cabo as rutas urbanas que se levarán a cabo na cidade de Vigo e que ten como obxectivo practicar unha actividade físico-deportiva. As rutas que se levarán a cabo serán o día 26 de maio con saída dende o Náutico con chegada a Praia de Samil, o domingo 2 e 30 de xuño a saída será dende as Avenidas ata Praia de Samil e o domingo 9 de xullo a saída será dende o Skatepark de O Castro ata a Praia de Samil, totalas rutas comencarán ás 11.00 horas.

**17(558).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN DE XOVENES ATLETAS PARA ORGANIZAR A II CARREIRA POPULAR DA CEREIXA O VINDEIRO 2 DE XUÑO. EXPTE. 12141/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.05.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación de Xovenes Atletas a organizar o vindeiro domingo 2 de xuño de 2013, a II CARREIRA POPULAR DA CEREIXA”. A devandita proba terá a saída ás 10.00 horas dende o Centro Cultural de Beade e percorrera polas rúas Porto, Cño Laranxo, Cño Millada, Cño Alen, Cño Velouro, carretera Coutada, Cño, Covelo, Cño Dornelas, Cño. Marzos, Batalla, Millada, rematando ás 13.30 horas.

**18(559).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CRISTO DA VICTORIA PARA ORGANIZAR A “V MARATHON INFANTIL DE COIA” O VINDEIRO 2 DE XUÑO. EXPTE. 11947/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación de Veciños Cristo da Victoria, a organizar o vindeiro 2 de xuño de 2013, a “V MARATHON INFANTIL DE COIA”. A proba comenza ás 10.30 horas e rematará sobre ás 13.30 horas, no treito comprendido entre a rúa Marín e a rúa Paredes, transcurrido pola zona verde da Avda. De Castelao”.

**19(560).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA ORGANIZAR A 49ª EDICIÓN RALLYE INTERNACIONAL RÍAS BAIXAS-CAMPEONATO DE ESPAÑA, OS DÍAS 30 E 31 DE MAIO E 1 DE XUÑO. EXPTE. 12080/333.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**20(561).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) DA EMPRESA “CLIMBBU S.L.”. EXPTE. 9810/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 20.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ **CLIMBBU, S.L.**” promovida por Pablo Gutiérrez Alfaro sendo necesario para obtelo a participación municipal, dita participación consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

**21(562).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.198,29 € A FAVOR DE IMESAPI S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS- ABRIL 2013. EXPTE. 2826/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.05.13, o informe de fiscalización do 14.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención cidadá, do 6.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación do servizo realizada pola entidade Imesapi S.A.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento para o ano 2013, por un importe de 8.198,29 € (oito mil cento noventa e oito euros con vinte e nove céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)

Terceiro.- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 8.198,29 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de abril de 2013.

**22(563).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL FORMULADA POR D<sup>a</sup>. SUSANA BERNÁNDEZ FERNÁNDEZ E OUTRAS. EXPTE. 24051/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.05.13, conformado pola xefa da Área de réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*1.- En escrito de data 22/03/2013 (documento nº 130033766) D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, presentan reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de dereito) pola presunta cesión ilegal de traballadores derivada da presunta prestación de servizos nos centros cívicos de Teis, Casco Vello e Saiáns, xestionados polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.*

*As reclamantes carecen de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e por tal motivo, non se someten aos sistemas de control de presenza horaria –obrigatorios para os empregados/as públicos municipais- nin constan na xestión de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.*



*As reclamantes manifestan e recoñecen no texto da reclamación previa manter un vínculo contractual laboral coa empresa "IMESAPI, S.A."*

*2.- En relación a ambos escritos, foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, informe que foi emitido en data 11/04/2013 e que obra incorporado ao presente expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

*Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.*

*II.- En canto ao obxecto das reclamacións de recoñecemento de dereito (declaración da condición de "traballadoras fixas laborales indefinidas do Concello de Vigo" segundo consta no folio 5 da reclamación previa) que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).*

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.*

*Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

*En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.*

*A maior abundamento, debe engadirse a existencia dunha obiva confusión, por parte das reclamantes, entre as clases de persoal ao servizo das Administracións Públicas, que contemplan, definen e clasifican os artigos 8 e 11 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, e da lectura dos cales se deduce que un vínculo indefinido é ben distinto dun vínculo fixo, non podendo darse ambas condicións ao mesmo tempo.*

III.- No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá en data 11/04/2013 sinálase literalmente que:

“Con data 25 de marzo de 2013 a xefa de recursos humanos solicita informe con relación á reclamación previa de recoñemento de dereitos presentada por D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, conforme ao exposto na reclamación previa INFORMO:

1.- As interesadas están na actualidade contratadas pola empresa ImesApi Movilidad S.A., para o desenvolvemento dos servizos de atención ao público e conserxería. Na actualidade e baixo a dirección da empresa ImesApi S.A., prestan os seus servizos nos seguintes centros cívicos municipais:

- D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández no Centro Cívico Municipal de Teis.
- D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez no Centro Cívico Municipal do Casco Vello.
- D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada no Centro Cívico Municipal de Saians.

2.- As funcións que desenvolven son as establecidas no prego de cláusulas técnicas aprobado na convocatoria para a “Contratación de Servizo de atención ó público e conserxería dos catro centros cívicos dependentes da concellería de Participación Cidadá situados no Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, e que son as seguintes:

- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a cada Unidade, e máis especialmente os paquetes ofimáticos estándar (tratamento de textos, folla de cálculo, base de datos, etc).
- Tratamento da información en xeral: ordenador, mecanografía, realizando as correccións ortográficas necesarias.
- Confección e manexo de ficheiros, comprobación de direccións, etc. Manexo de máquinas de rexistrar, copiar, reproducir, microfilmear, clasificar, encadernar, cortar, destruír, selar, ensobrar, expedir, etc.
- Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais, atendendo a visitantes e cidadáns en xeral sobre temas relacionados coa dependencias, así como atención telefónica e telemática.
- Ofrecer información sobre ás actividades culturais, lúdicas e festivas organizadas polo Concello ou entidades públicas ou privadas.
- Manter os expositores con Información turística, de emprego, etc.
- Franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina.
- Recollida, transporte e reparto de documentos, expedientes, aparellos, etc. dentro do centro; colocación e retirada de documentos en taboleiros de anuncios ou similares.
- Custodia e manexo das chaves das distintas oficinas e despachos; apertura e peche de portas, fiestras, luces, calefacción e outros fluídos, así como preparación de aulas ou salas.
- Revisión de instalacións internas e externas. No caso de avaría ou desperfecto que requira intervención profesional, comunica-lo ó servizo de Atención Cidadá para a súa resolución.
- Prendido, control e apagado de calefacción.
- Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.

- Cumprimento da normativa e instruccións do superior en relación á prevención de riscos.
  - Todas aquelas que teñan acomodo polas funcións propias do posto.
- 3.- Que desde el inicio del contrato e conforme se establecía no mesmo a persoa responsable de xestión do servizo que actuó como interlocutor co Concello de Vigo é D. Jose Antonio Miguez Bastos e no seu caso D. Ramón Comesaña Alonso.
- 4.- Con motivo das reiteradas chamadas desde os centros cívicos municipais ao persoal do servizo de Participación Cidadá, e coa finalidade de garantir e mellorar un nivel de reposta axeitado ás necesidades dos usuarios e usuarias dos centros cívicos municipais, se requirio á empresa ImesAPI para que nomeara un/unha nova interlocutor/a da empresa, polo cual se procedeu por parte da empresa a nomear a unha das traballadoras como coordinadora, reiterando a necesidade de realizar todas os contacto con servizo xestor a través da mesma.
- 5.- Con relación ás vacacións, permisos e baixas, as mesmas son resoltas pola empresa adxudicataria do servizo, conforme estable o prego de cláusulas técnicas:  
Os cambios de persoal, motivados polos períodos de vacacións, deberanlle ser comunicados ó responsable municipal do servizo, cunha antelación, de cando menos, 15 días. Os derivados de baixa por enfermidade ou baixas voluntarias deberán ser comunicados á maior brevidade posible. Calquera outro cambio non incluído nos dous grupos anteriores, deberá solicitar autorización, por escrito, cunha antelación mínima de 15 días e deberá ser autorizado polo responsable municipal do servizo.
- 6.- O Concello de Vigo, non ten impartido formación para o desenvolvemento das súas actividades, as interesadas.
- 7.- Na actualidade os enderezos electrónicos utilizados son xenéricos e non personalizados ([camcascovello@vigo.org](mailto:camcascovello@vigo.org), [camteis@vigo.org](mailto:camteis@vigo.org) e [camsaians@vigo.org](mailto:camsaians@vigo.org)).

O servizo Participación e Atención Cidadá, como xestor do contrato, se ten rexido en todo momento polo establecido no prego de prescricións técnicos que establecen no seu apartado 4 "Características do servizo", entre outras que "A empresa adxudicataria será a encargada de desenvolver os traballos encomendados baixo os criterios sinalados polo Concello de Vigo, de manter actualizada a axenda diaria e toda aquela información de carácter externo ó Concello e validar a información, recoller as queixas e suxestións que se realicen, recoller e entregarlle periodicamente ó responsable municipal do servizo as estatísticas, realizar as enquisas que se estimen oportunas; pasar parte ó responsable municipal de cantas incidencias puideran derivarse da xestión diaria, mantendo en todo momento unha liña de comunicación co Concello fluída e transparente. Tamén deberá dar conta detallada das quendas de traballo e calquera modificación destas, atendendo neste punto as recomendacións do Concello."

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre as reclamantes –que, en toda caso, terían a condición de persoal da empresa "IMESAPI, S.A." á cal prestaban ou prestan servizos- e o Concello de Vigo. debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicadas e as reclamantes, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras)

establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concreción entre cedente e cesioanria para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labores de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencan á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo se detalla no informe do de data 11/04/2013, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Legislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

*En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:*

*“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida.. (...)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.*

*V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).*

*VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétese no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.*

*Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.*

*Toda vez que as reclamantes tiñan pleno coñecemento e capacidade —e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización dos seus contratos laborais coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente.*

*Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil, con consecuencias sumamente negativas no acceso ao emprego público.*

*VIII.- Debe considerarse especialmente que o legislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en rela-*

*ción coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.*

*A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.*

*O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.*

*IX.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de dereito) formulada en escrito de data 22/03/2013 (documento nº 130033766) por D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 11/04/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”*

### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**23(564).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24035/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 7.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

**ANTECEDENTES**

*Único.- En sesión de data 26 de abril de 2013 (expediente administrativo nº 24035/220) a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados corresponde abonar ao persoal do Parque Móbil, correspondente ao 1º trimestre de 2013.*

*Detectado erro na cantidade total a aboar, consistente en que por omisión solo se fixo constar a cantidade pertencente a un mes por importe de 934,65 € (cantidade correspondente ao mes de xaneiro), cando debería figurar un total de 3.315,52 €, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo, procede rectificar o mesmo.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*1.- De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*2.- Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro aritmético detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local do 26 de abril de 2013 (expediente administrativo nº 24035/220) sobre complemento de produtividade por conducir maquinaria pesada do persoal do servizo do Parque Móbil correspondente ao 1º trimestre-2013, debendo figurar a cantidade de 3.315,52 €, cantidade correspondente a totalidade dos meses correspondentes ao 1º trimestre, en vez de 934,65 €, cantidade correspondente ao mes de xaneiro-2013.*

*SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notifi-*

*cación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **24(565).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DE D. JOSÉ CLAUDIO MARTÍNEZ HERNÁNDEZ Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO QUIOSCO NA RÚA LALÍN. EXPTE. 19640/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta de data 10.05.13, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio e pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Según informa en data 12/02/2013 e 22/04/2013 o Servicio de Admon de Tributos, o quiosco sito na rua Lalin s/n r baixada a Esturanes do que figura como titular D. Jose Claudio Martinez Hernandez ten debidas pola ocupación de via pública, atopandose na actualidade pechado e sen actividade, e de baixa no Lixo Industrial dende o ano 2002, interesando sua posible baixa no padron de quioscos.*

*SEGUNDO.- Segundo os datos e información disponible, dito quiosco foi autorizado no seu día polo Mº de Obras Publicas e Urbanismo coa execución do Polígono de Coia, con caracter de precario e para o seu destino a venta de prensa, librería e papelería en xeral, tomando razón do mesmo o Concello de vigo mediante acordo da Comisión Municipal Permanente en data 3/01/1980 no que lle otorga licenza municipal para sua instalación e utilización. Na actualidade mantense a precariedade na ocupación polo interesado do dominio público municipal, atopandose dita instalación pechada e sen actividade, feito constatado polos servizos municipais, e do que existe unha primeira comprobación pola inspección da Admon. de Tributos no ano 2003 a teor dunha solicitude de baixa formulada polo interesado, pero sen que este procedera a sua retirada do dominio público neste tempo, mantendose conseguintemente dita ocupación en precario.*

*TERCEIRO.- No presente suposto, a extinción da autorización administrativa en precario outorgada no seu día e que habilitaba a ocupación do dominio público municipal co quiosco instalado, podese entender acaecida pola renuncia voluntaria feita polo interesado, non apreciándose obxección algunha para sua aceptación, debendo en todo caso proceder o mesmo a retirada do quiosco da vía pública e a reposición do dominio público afecto o seu estado orixinal, e noutro caso, a sua execución subsidiaria pola administración municipal.*



*CUARTO.- A teor do exposto, deberase declarar resolta a autorización administrativa, resultando competente para a adopción do acordo de resolución en relación o solicitado, a Xunta de Goberno Local consonte o disposto no art. 127 da LRBRL.*

*Por todo o anteriormente exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO, a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aceptar a renuncia de D. Jose Claudio Martinez Hernández á autorización administrativa outorgada para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venda de prensa periódica na rua Lalin s/n e baixada a Esturanes, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.*

*Segundo.- Requerir a D. Jose Claudio Martinez Hernandez para que no prazo de 20 días, a partir do seguinte a notificación do presente acordo, proceda a retirada do quiosco da vía pública e reposición desta o seu estado orixinal.*

*Terceiro.- Apercibirle que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, mediante execución subsidiaria por medios municipais, consonte ó previsto na Lei 30/92 de RXAP e PAC, correndo do seu cargo tódolos gastos que se orixinen.*

*Cuarto.- Dar traslado do presente acordo o departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(566).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.